

1. CONFLICTOS MEDIABLES E NON MEDIABLES

A mediación é unha ferramenta axeitada para moitos conflitos que ocorren nos centros escolares, pero non para todos.

Un conflito NON será mediable:

-Se non se cumpren os principios da mediación.

-Cando o Regulamento do Centro determine que a situación debe conducirse por vía disciplinaria.

-Cando existe un desequilibrio de poder importante entre as partes, por exemplo nos casos de maltrato entre compañeiros/as.

-Cando non se trata dun conflito de carácter interpersonal ou os temas non son negociables, por exemplo situacións de disrupción na aula.

Un conflito será mediable cando verse sobre asuntos coma:

-Faltas de respecto

-Rumores e malentendidos

-Obxectos persoais

-Espacios de xogo

-Discriminación ou hostigamento

-Amistades que sufriron un deterioro.

-Derivación ou solicitude

O proceso iníciase cando calquera persoa da comunidade escolar que ten coñecemento dun conflito ,deriva o caso ao programa de mediación.

Outra forma sería que algunha das partes en conflito faga unha solicitude, ou que unha persoa do equipo mediador ou coordinador/a ofrezca a posibilidade da mediación cando sabe dun conflito.

Este paso inicial require, para quen faga a solicitude ou fai a derivación, cubrir un breve formulario cos datos básicos do conflito.

QUE É A MEDIACIÓN?



Ao longo do presente curso 2018/19, o noso centro iniciou o camiño para a posta en marcha do Servizo de Mediación Escolar. A comunidade educativa viu a necesidade de ofrecer ao seu alumnado un entorno e un proxecto educativo no que estean presentes a importancia do diálogo, o traballo en equipo e a xestión pacífica dos conflitos.

Neste camiño, a mediación será o medio a través do cal depositaremos o protagonismo da xestión das controversias nos propios nenos e nenas, favorecendo con elo ao mesmo tempo, a autorresponsabilización e o asentamento de valores coma: respecto, equidade, cooperación,...

A **mediación** é a intervención non forzada nun conflito de terceiras persoas neutrais, para axudar ás partes implicadas a que o transformen por si mesmas.

É un método estruturado de resolución de conflitos no que unha terceira parte asiste ás persoas en conflito escoitando as súas preocupacións, facilitando a comunicación e axudándoos a negociar.




PROGRAMA DE MEDIACIÓN ESCOLAR



Chegamos a un acordo?

C.E.I.P Plurilingüe
Alexandre Rodriguez Cadarso



**“Sabes que
podes contar
con nós”**

